

NOTA DE PRENSA

VIII EDICIÓN PREMIOS: “BOAS PRACTICAS CIADÁS 2024”

A cidadanía volve a galardoar ás persoas pola súa labor solidaria, implicación social e paixón


- Nas nominacións destacan o activismo desde o deporte, a arte, a implicación coas persoas migrantes, o fomento das capacidades das persoas e a necesidade da educación social.
- Son recoñecementos independentes, xa que as persoas premiadas son elixidas polas galardoadas o ano anterior. Con esta VIII Edición son xa 48 as persoas premiadas.
- O acto de entrega será o vindeiro **19 de setembro, xoves, ás 19:00 no salón de actos da ONCE**. A entrada é libre ata completar aforo.

A Coruña, 16 setembro 2024.- A Asociación Proxecto Máscaras (APM) celebra o vindeiro **19 de setembro, xoves**, a Gala da VIII Edición dos Premios ás *Boas Prácticas Cidadás*, nun evento que terá lugar no **salón de actos da ONCE**.

Son oito anos promovendo a rede de recoñecemento público entre a propia cidadanía, que pon en primeira liña a ética de comportamentos e actitudes persoais plasmadas en diferentes ámbitos.

O presidente da APM, Iago González, será o encargado de presentar o acto que será conducido pola xornalista Noela Bao. Pero o protagonismo corresponde ás persoas, de maneira que as galardoadas o ano pasado son quen elixen e premian ás de este 2024.

Nesta **VIII Edición**, os premios serán para:

	<p>-Ricardo Santos Rodríguez, premiado pola súa implicación, persoal e profesional, para o fomento e xeración de espazos de desenvolvemento de todas as persoas. Fundador e presidente de Down Coruña. Elixido por María José Bao Carreira, cofundadora de ACOES Galicia.</p>
---	---

	- Sonia González Rodríguez , premiada polo seu altísimo compromiso no acompañamento como educadora social e na presidencia do Colexio Oficial. Elixida por Pilar Ramallal Fernández , cofundadora de ACOES Galicia.
	- Ángel López Fernández , premiado polo seu activismo en favor dunha sociedade imperfecta e enriquecedora. É deportista de elite e activista no deporte adaptado. Preside a Fundación Enki. Elixido por Ángel Meijide Rico , fundador da asociación Raiña Paraiso.
	- Fran Quiroga , premiado pola súa implicación nos cruzamentos entre o activismo, a arte, a participación social e os comúns . Destaca a súa capacidade de conectar persoas a través de vínculos socio-afectivo Elixido por Rita Rodríguez , artista e activista cultural.
	- Rosalía López Sánchez , premiada polo seu compromiso social, servizo público e vontade de superación, e polo seu traballo polas persoas con discapacidade. Elixida por Paula Mouzo Mas , profesional do mar, activista social e parlamentaria.
	- Guillermo Fernández-Obanza, Mito , premiado pola súa longa traxectoria e implicación coa formación e proxección de futuro das persoas migrantes, tanto aquí como en orixe. Fundador, hai 27 anos da ONG Ecodesarrollo Gaia . Elixido por Óscar Palleiro Morlán , activista en actividades de rescate e bombeiro.

Programa da Gala de entrega dos Premios

Onde: Salón de actos da sede da ONCE, Cantón Grande, 3. A Coruña

Cando: Xoves, 19 de setembro.

Hora: Recepción ás 18.45 h.

- Firma no libro de Honra e foto de familia
- Entrega dos premios
- Clausura do presidente da ONCE

SOBRE A APM

“Que algo sexa **unha excepción** non implica que sexa excepcional senón, simplemente, que **encerra unha oportunidade**”.

A Asociación Proxecto Máscaras, APM, é unha entidade de carácter cultural, social, educativo e de fomento da investigación, que se apoia no audiovisual e a cultura como ferramentas de sensibilización, integración e normalización para o enriquecemento social.

Canles de comunicación:

Web: www.proxectomascaras.gal

Facebook: <https://www.facebook.com/proxectomascaras/>

Youtube: <https://www.youtube.com/c/proxectomascaras>

Instagram: @proxectomascaras

Linkedin: <https://www.linkedin.com/company/proxectomascaras>

X (antes Twitter): <https://twitter.com/SinComillasCine>

Para **máis info**, contactar con **prensa**: 622 195 832